

Personaxes

- Narrador/a
- Xoán Carlos I
- Cidadán/cidadá 1 e 2
- Xeneral/a Tejero
- Francisco Franco
- Filipe VI

Introdución

[Escena escura. Dous cidadáns discuten.]

Cidadá 1:

-Queremos unha España máis moderna e xusta!

Cidadá 2:

-Pois eu prefiro que todo quede como está!

Narrador/a:

-En 1936, comezou unha triste guerra entre os propios españois: a Guerra Civil. Dous bandos, unha mesma nación... e moita dor.

[2 tambores marcan os pulsos da marcha fúnebre de Chopin. Os cidadáns dan as costas un ao outro.]

Escena

(Entra Franco, con voz aguda e autoritaria e brazo levantado, pero sen xestos violentos.)

Narrador/a:

-En 1939, acabou a guerra. O bando dos sublevados, liderado por Francisco Franco, tomou o poder.

Franco:

-A partir de agora, mando eu. Non hai máis partidos, nin eleccións. ¡Todo baixo control!

[O escenario queda sombrío, os cidadáns móstranse calados e sen liberdade.]

Narrador/a:

-Foi unha ditadura que durou case 40 anos. Sen liberdade, sen prensa libre... e con medo. Moito medo!

[Soa música esperanzadora. Entra Xoán Carlos I.]

Narrador/a:

-En 1975, morre Franco. E sobe ao trono un rei moi campechano: D. Xoán Carlos I.

Xoán Carlos I:

-Temos que cambiar. España precisa democracia, eleccións, liberdade.

Cidadá 1:

-Podemos votar!

Cidadá 2:

-Temos dereitos!

[O escenario échese de alegría: votacións, bandeiras, celebracións.]

Narrador/a:

-Así comezou a Transición Democrática: aprobouse unha Constitución en 1978 e España converteuse nunha monarquía parlamentaria moi tranquila. Ou igual non tanto... *[Entra o xeneral Tejero, cunha pistola de xoguete: serio mais nada ameazador.]*

Tejero:

-Quieto todo o mundo! Agora aquí mando eu!

Narrador/a:

-En 1981, intentaron parar a democracia con un golpe de estado.

Porén...

*[Entra de novo **Xoán Carlos I**, decidido.]*

Xoán Carlos I:

-Non! A democracia non se toca. España xa escolleu o seu camiño.

[Tejero marcha avergoñado. Todos aplauden ao rei.]

Desenlace

[Entra Filipe VI con paso decidido e un libro debaixo do brazo.]

Narrador/a:

-No ano 2014, o rei Xoán Carlos I abdicou e deixou paso ao seu fillo...

Felipe VI:

-Boas! Son Felipe VI... O Preparado!

Cidadá 1: *[estrañado]*

-O preparado?

Felipe VI:

-Si! Estudei moito: dereito, economía, idiomas... Levo anos preparándome para ser rei dunha España democrática!

Cidadá 2:

-Pois vaia sorte! Esta vez temos un rei que sabe o que fai.

Narrador/a:

-E así chegamos ao presente: unha democracia moderna con liberdade, eleccións e un rei preparado que nos dirixe cara un futuro esperanzador.

Atrezzo

- Reprodutor de música co terceiro movemento da [Sonata para piano n.º 2 en si b menor op 35 de Chopin](#).
- Tambores para marcar o pulso da marcha fúnebre.
- Lapis negro de maquillaxe hipoalérxico para pintar os bigotes.
- Pistola de cartón ou de xoguete.
- Volume de enciclopedia ou libro de texto.



“ESCENA V. A memoria histórica ten un pé no futuro”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)